

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**. A primeira e segunda, con posibilidade de elección entre apartados; a terceira e a cuarta, con resposta única.

PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO. (4 puntos)

Responda un destes dous apartados:

1.1. Lea detidamente este texto referido a «Cosmos, realidade e coñecemento en Platón (do mito ao logos)». Elabore un **comentario filosófico** explicando o seu contexto, tema central, ideas principais e conceptos clave. **(4 puntos)**

—Toma agora unha liña dividida en dúas seccións desiguais e de novo corta cada unha en dúas partes, segundo a mesma proporción, a da especie que é visible e a da que é intelixible, e terás a claridade e a escuridade en relación a ambas, na visible atoparás unha sección de imaxes. Doulles o nome de imaxes, en primeiro lugar, ás sombras, e despois aos reflexos na auga e en todo canto se constitúe como compacto, liso e brillante, e, se me entendes, a todo o semellante a iso.

—(...).

—Verdadeiramente estarías disposto a declarar que a liña quedou dividida en canto á súa verdade e non verdade, de modo tal que o opinable é ao cognoscible como o é a copia respecto do que é copiado?

—Por suposto que si.

—Pois considera agora se tamén hai que dividir a sección do intelixible.

—E como?

—Deste modo: por un lado, a alma, servíndose das cousas antes imitadas como se fosen imaxes, vese obrigada a buscar a partir de hipóteses e non se dirixirá a un principio, senón a unha conclusión. E, por outra parte, avanza ata un principio absoluto, partindo de hipóteses e sen imaxes, facendo o camiño coas ideas mesmas e por medio delas.

—(...) Comprendo que ao que te refires é á xeometría e ás ciencias irmás.

—Comprende, entón, a outra parte do intelixible, cando digo que iso a razón mesma alcánzao co seu poder dialéctico, facendo hipóteses non como principios, senón como hipóteses reais, que son puntos de apoio e de partida para levala ao principio de todo ata o absoluto. Unha vez alcanzado ese principio, dedicándose de novo ás cousas que dependen dela, descenderá ata a conclusión, sen servirse en absoluto de nada sensible, senón das ideas mesmas, a través delas cara a elas mesmas, rematando con ideas.

—(...)

—Comprendiches perfectamente. Aplica a esas catro seccións catro afeccións que se xeran na alma: intelixencia, á máis elevada; pensamento discursivo, á segunda; á terceira, a crenza; e á última, a conxectura; ordénaas segundo unha proporción, pensando que canto máis participen da verdade, tanto máis participan da claridade.

PLATÓN: *República*, Libro VI, 509c-511e

1.2. Lea detidamente este texto referido a «Nietzsche: nihilismo, vitalismo e transvaloración». Elabore un **comentario filosófico** explicando o seu contexto, tema central, ideas principais e conceptos clave. **(4 puntos)**

341. *O peso máis grande*.— E se un día ou unha noite un demo vai tras de ti ás agachadas deica a máis solitaria das túas soidades e che di: “Esta vida, como ti agora a vives e como a viviches, terala que vivir unha vez máis e innumerables veces máis; e nela non haberá nada novo, senón que cada dor e cada pracer e cada pensamento e suspiro e todo o indiciblemente pequeno e grande da túa vida terá que tornar a ti, e todo na mesma orde e sucesión —e así esta araña e este luar entre as árbores, e así este momento e eu mesmo. O eterno reloxo de area da existencia dará a volta unha e outra vez — e ti con el, miguíña de po no po!”? (...) a pregunta sobre todas e cada unha das cousas sería esta: “Queres repetir isto outra vez e innumerables veces máis?”. Isto gravitaría sobre a túa acción como o peso máis grande! Ou, como terías que estar reconciliado contigo mesmo e coa vida para non desexar xa nada máis ca esta última eterna confirmación e resolución?

NIETZSCHE: *A gaia ciencia*, Libro IV, § 341

PREGUNTA 2. APROXIMACIÓN MOTIVADA Á HISTORIA DA FILOSOFÍA. (3 puntos)

Responda un destes dous apartados:

2.1. Tendo en conta afirmacións como: «A igualdade (...) non nos vén dada, senón que é o resultado da organización humana» ou «a liberdade é a razón de ser da política», explique o problema fundamental na cuestión: **«A crítica ao totalitarismo. A condición humana en H. Arendt».** (3 puntos)

2.2. Tendo en conta afirmacións como: «Todo home desexa por natureza saber», «non cremos ter coñecemento de algo sen antes captar en cada caso o porqué» ou «O necesario na natureza é a materia e os seus cambios», explique o problema fundamental na cuestión: **«Física e Metafísica en Aristóteles».** (3 puntos)

PREGUNTA 3. FILOSOFÍA E FUNCIÓNS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)

Ten vostede, grazas aos seus coñecementos filosóficos, o seu primeiro contrato de prácticas na “Fundación: Filosofía social e Comunicación” destinada principalmente a divulgar a actualidade e vixencia do pensamento dos grandes filósofos/as. O seu xefe entrégalle o seguinte fragmento do coñecidísimo e sempre actual documento público: a Constitución española. Respecto diso, pídelle a vostede que prepare unha disertación para o Boletín mensual da Fundación. Vostede lembra ben a filosofía de **Locke**, a súa concepción do Estado e as súas consideracións sobre os réximes políticos (liberdade natural, sociedade civil, dereito, absolutismo e contractualismo) e a súa soada cita: «Aínda que o estado natural sexa un estado de liberdade, non o é de licenza». Relacióneo co documento e elabore esa **disertación** que lle solicitaron co título: **«Estado: liberdade e contractualismo»**. Extensión máxima: 20 liñas. (2 puntos)

Documento: Constitución española.

Preámbulo: A nación española, desexando que se estableza a xustiza, a liberdade e a seguridade e que se promova o ben de cantos a integran, no uso da súa soberanía, proclama a súa vontade de: (...) Consolidar un Estado de Dereito que asegure o imperio da lei como expresión da vontade popular.

Artigo 1: punto 2: A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado. *Artigo 9:* punto 2.- Correspóndelles aos poderes públicos promoveren as condicións para a liberdade e a igualdade do individuo (...).

Artigo 66: punto 2.- As Cortes Xerais exercen a potestade legislativa do Estado.

PREGUNTA 4. CONCEPTOS FILOSÓFICOS. (1 punto)

Responda estes dous apartados:

4.1. Discrimine en dúas columnas os seguintes conceptos, atendendo aos sistemas filosóficos que refiren: (0,5 puntos)

res cogitans / Empirismo / experiencia / método / causalidade / Racionalismo / evidencia.

4.2. Responda un destes dous subapartados:

4.2.1. Defina, en non máis de tres liñas, o concepto: *res cogitans*. (0,5 puntos)

4.2.2. Defina, en non máis de tres liñas, o concepto: Empirismo. (0,5 puntos)

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**. La primera y la segunda, con posibilidad de elección entre apartados; la tercera y la cuarta, con respuesta única.

PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN Y EXPRESIÓN: COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO. (4 puntos)

Responda uno de estos dos apartados:

1.1. Lea detenidamente este texto referido a «Cosmos, realidad y conocimiento en Platón (del mito al logos)». Elabore un **comentario filosófico** explicando su contexto, tema central, ideas principales y conceptos clave. **(4 puntos)**

—Toma ahora una línea dividida en dos partes desiguales; divide nuevamente cada sección según la misma proporción, la del género de lo que se ve y otra la del que se entiende, y tendrás distinta oscuridad y claridad relativas; así tenemos, primeramente, en el género de lo que se ve, una sección de imágenes. Llamo 'imágenes' en primer lugar a las sombras, luego a los reflejos en el agua y en todas las cosas que, por su constitución, son densas, lisas y brillantes, y a todo lo de esa índole. ¿Te das cuenta?

—(...)

—¿Estás dispuesto a declarar que la línea ha quedado dividida, en cuanto a su verdad y no verdad, de modo tal que lo opinable es a lo cognoscible como la copia es a aquello de lo que es copiado?

—Estoy muy dispuesto.

—Ahora examina si no hay que dividir también la sección de lo inteligible.

—¿De qué modo?

—De éste. Por un lado, en la primera parte de ella, el alma, sirviéndose de las cosas antes imitadas como si fueran imágenes, se ve forzada a indagar a partir de supuestos, marchando no hasta un principio sino hacia una conclusión. Por otro lado, en la segunda parte, avanza hasta un principio no supuesto, partiendo de un supuesto y sin recurrir a imágenes —a diferencia del otro caso—, efectuando el camino con Ideas mismas y por medio de Ideas.

—(...) Comprendo que te refieres a la geometría y a las artes afines.

—Comprende entonces la otra sección de lo inteligible, cuando afirmo que en ella la razón misma aprehende, por medio de la facultad dialéctica, y hace de los supuestos no principios sino realmente supuestos, que son como peldaños y trampolines hasta el principio del todo, que es no supuesto, y, tras aferrarse a él, ateniéndose a las cosas que de él dependen, desciende hasta una conclusión, sin servirse para nada de lo sensible, sino de Ideas, a través de Ideas y en dirección a Ideas, hasta concluir en Ideas.

—(...)

—Entendiste perfectamente. Y ahora aplica a las cuatro secciones estas cuatro afecciones que se generan en el alma; inteligencia, a la suprema; pensamiento discursivo, a la segunda; a la tercera asigna la creencia y a la cuarta la conjetura; y ordénalas proporcionadamente, considerando que cuanto más participen de la verdad tanto más participan de la claridad.

PLATÓN: *República*, Madrid, Gredos, 1986, Libro VI, 509c-511e (pp: 334-337)

1.2. Lea detenidamente este texto referido a «Nietzsche: nihilismo, vitalismo y transvaloración». Elabore un **comentario filosófico** explicando su contexto, tema central, ideas principales y conceptos clave. **(4 puntos)**

341. *El peso más pesado*.— Qué pasaría si un día o una noche se introdujera a hurtadillas un demonio en tu más solitaria soledad para decirte: "Esta vida, tal como la vives ahora y la has vivido, tendrás que vivirla no sólo una, sino innumerables veces más ; y sin que nada nuevo acontezca, una vida en la que cada dolor y cada placer, cada pensamiento, cada suspiro, todo lo indeciblemente pequeño y grande de tu vida habrá de volver a ti, y todo en el mismo orden y la misma sucesión —como igualmente esta araña y este claro de luna entre los árboles, e igualmente este momento, incluido yo mismo. Al eterno reloj de arena de la existencia se le dará la vuelta una y otra vez —y tú con él, minúsculo polvo en el polvo! (...) la pregunta decisiva respecto a todo y en cada caso particular sería ésta: "¿Quieres repetir esto una vez más e innumerables veces más?"

¡Esto gravitaría sobre tu acción como el peso más pesado! Pero también: ¡qué feliz tendrías que ser contigo mismo y con la vida, para no desear nada más que esta última y eterna confirmación y sanción!

NIETZSCHE: *La ciencia jovial*, Libro IV, § 341, Barcelona, RBA, 2014, (pp: 530-531)

PREGUNTA 2. APROXIMACIÓN MOTIVADA A LA HISTORIA DE LA FILOSOFÍA. (3 puntos)

Responda uno de estos dos apartados:

2.1. Teniendo en cuenta afirmaciones como: «La igualdad (...) no nos es otorgada, sino que es el resultado de la organización humana» o “la libertad es la razón de ser de la política”, explique el problema fundamental en la cuestión: **«La crítica al totalitarismo. La condición humana en H. Arendt».** (3 puntos)

2.2. Teniendo en cuenta afirmaciones como: “Todos los hombres desean, por naturaleza, saber”, «No creemos conocer algo si antes no hemos establecido en cada caso el “porqué”» o «Lo necesario en la naturaleza es la materia y los cambios en ella», explique el problema fundamental en la cuestión: **«Física y Metafísica en Aristóteles».** (3 puntos)

PREGUNTA 3. FILOSOFÍA Y FUNCIONES: ACTUALIDAD Y UTILIDAD. (2 puntos)

Tiene usted, gracias a sus conocimientos filosóficos, su primer contrato de prácticas en la “Fundación: Filosofía social y Comunicación” destinada principalmente a divulgar la actualidad y vigencia del pensamiento de los grandes filósofos/as. Su jefe le pasa el siguiente fragmento del conocidísimo y siempre actual documento público: la Constitución española. Al respecto, le pide a usted que prepare una disertación para el Boletín mensual de la Fundación. Usted recuerda bien la filosofía de **Locke**, su concepción del Estado y sus claves sobre los regímenes políticos (libertad natural, sociedad civil, derecho, absolutismo y contractualismo) y su célebre cita: «Aunque el estado natural sea un estado de libertad, no lo es de licencia». Relaciónelo con el documento y elabore esa **disertación** que le han pedido con el título: **«Estado: libertad y contractualismo»**. Extensión máxima: 20 líneas. (2 puntos)

Documento: Constitución española.

Preámbulo: La Nación española, deseando establecer la justicia, la libertad y la seguridad y promover el bien de cuantos la integran, en uso de su soberanía, proclama su voluntad de: (...) Consolidar un Estado de Derecho que asegure el imperio de la ley como expresión de la voluntad popular.

Artículo 1: punto 2: La soberanía nacional reside en el pueblo español, del que emanan los poderes del Estado.

Artículo 9: punto 2.- Corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para la libertad y la igualdad del individuo (...).

Artículo 66: punto 2.- Las Cortes Generales ejercen la potestad legislativa del Estado.

PREGUNTA 4. CONCEPTOS FILOSÓFICOS. (1 punto)

Responda estos dos apartados:

4.1. Discrimine en dos columnas los siguientes términos, atendiendo a los sistemas filosóficos que refieren: (0,5 puntos)

res cogitans / Empirismo / experiencia / método / causalidad / Racionalismo / evidencia.

4.2. Responda uno de estos dos subapartados:

4.2.1. Defina, en no más de tres líneas, el concepto: res cogitans. (0,5 puntos)

4.2.2. Defina, en no más de tres líneas, el concepto: Empirismo. (0,5 puntos)